

## "A beleza, a arte, o que se sae do devir cíclico, é o que nos salva"



Montse Dopico | [@montsedopico](#)

Non era doado atopar, no Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), entrada para acudir á estrea de *El cuello de la jirafa*, a nova obra de Matarile. O medio cento de espazos que ofrecía, cada un dos dous días de función, a capela da Universidade, enchéronse en poucas horas. E non era para menos. A compañía compostelá cumpre 30 anos cunha obra que procura, se cadra máis que nunca, a comunicación directa co espectador. Entendido non como público, senón como individuo que pode ver, se o desexa, o invisible. Que pode non deixarse dominar polos xuízos predeterminados. Polo imposto. Que procura a quebra da roda da rutina. Do tempo. Que quere o extraordinario. A beleza.

**Muda o ton respecto a *Staying alive* e *Teatro Invisible*. Se en *Staying alive* xa había máis movemento, esta transmite moita enerxía...**

É outra perspectiva. *Staying alive* botaba toda a enerxía cara a fóra. En *El cuello de la jirafa* todo se altera pola disposición do espazo, pola idea de compartir, que fai que todo se vexa desde outra perspectiva e que altera a sensación de tempo ao velo todo máis próximo. A percepción do tempo é alterada.

**Por que a metáfora da constelación da xirafa? Está presente en varias das imaxes da obra, ademais.**

É a idea de evolución, de adaptación, do colo da xirafa. En referencia tamén á constelación, as estrelas e a súa luz, o tempo que tarda en chegarnos. E a nosa sensación de pequenez, de fragilidade da existencia. A sensación de ser polvo de estrelas. E esa fenda entre a perspectiva grandísima do cosmos e o obxectivo focalizado no pequeno. Todo na obra está relacionado. Todo vai sumando en canto transcorre o tempo na propia obra.

Si. Eses homiños son unha representación da f **Vale** ade e a finitude dentro do cosmos. Os humanos pensamos na infinitude, na duración, pero somos parte do finito.

**A luz das estrelas chega do pasado. En *Staying alive* estaba a idea de que vivimos no pasado e iso dificulta o movemento presente. Seguimos atrapados nese pasado?**

O tempo e a súa repetición constitúen a esencia do ser humano, que busca a interrupción desa roda, desa rutina. Busca o extraordinario, o inefable, o misterioso. A beleza, a arte, que é o que nos salva. O que se sae do repetir cíclico. E 'El cuello de la jirafa' é iso. É unha obra moi enerxética, moi vital, como dicías, nese sentido. A busca do que se sae, do que transforma, do que nos conduce a outras miradas, á alteración da realidade. A procura da beleza, entendida non como o contrario a fealdade, senón da indiferencia. A arte é, fundamentalmente, unha rebelión contra o paso do tempo.

**O observador determina a historia. A mirada constrúe o mundo. Tamén está moi presente esta idea. En *Métase nos seus asuntos* xa estaba a posición do espectador.**

É non só como o observado se crea coa mirada, senón como se manipula esa mirada. Temos que estar atentos. Ter coidado cos xuízos preestablecidos, predeterminados. E é certo que os europeos vivimos de rendas, do pasado. Todo se fai "a partir de". Do que foi antes. En *Staying alive* falaba de que necesitamos mirar cara a outro lado e non só ao que nos conformou, á historia. Porque iso convértenos nunha cultura cansada, sen ilusión polo futuro. Tamén é unha cuestión de ciclos vitais. Eu tento non caer nos preconceptos, no prexuízo. E hai momentos en que te gardas máis diso.

**Protagonista ou secundaria? Preguntábase *Staying alive*. A comunicación co público é se cadra, en *El cuello de la jirafa*, a máis directa de todas as vosas obras.**

Houbo unha evolución niso. A min interésame achegarme. Salvar o que se interpón entre nós. A comunicación directa, que afecta ao xeito de actuar, ao espazo... Trátase de dar un papel determinante ao espectador, entendido como persoa individual, non como público.

**En canto á relación entre vós, entre os corpos, hai ás veces certa tensión. Uns manipulan os corpos dos outros...**

Iso é unha constante nas nosas obras. Tamén se mestura co feito de que eu aparezo, en *El cuello de la jirafa*, como quen pon en marcha cousas. Quen empurra,

quen move.

## **En relación co tema da perspectiva, a obra pregúntase que é o real. O vivido, o soñado, o imaxinado?**

É un tema que me fascina. Se quedamos só co que nos contan, non temos nada. Ademais, somos tan escorregadizos, temos tantas caras, estamos tan afeitos a que se nos diga que somos de tal maneira, que pensamos que podemos traducilo todo a conceptos claros. Pero non é así porque somos absolutos ignorantes de todo o que nos rodea. Cometemos sempre os mesmos erros. Así, a realidade non é o que nos contan, pero tampouco é a primeira impresión, porque a nosa maneira de ver as cousas tamén vai cambiando. Só que a primeira impresión inflúe nas nosas seguintes percepcións. O primeiro xuízo pode facernos pensar que o temos todo claro. Pero despois a realidade non é así. E non digo que sexa algo negativo. É algo que me fascina. Moitos espectadores dixéronnos que querían volver ver a obra, e iso alegrounos moito, porque é coherente co que queremos: ver a realidade desde distintas perspectivas.

## **O actor, o louco, o morto. En que se parecen?**

Iso é de Kantor. A un actor contemplámolo con distancia, como a un louco ou a un morto. E o tema da loucura sae bastante na obra. O louco sae do establecido. É imprevisible e lánzanos aos ollos unha realidade que pode ser máis real que a que nos vemos. É como a conversa, se a deixamos solta. Non sabemos por onde vai saír. E fascínanos o que nos sorprende, o que nos saca do preestablecido. O misterio. Por iso sae na obra o tarot. Enrique Gavilán é profesor de Universidade e tamén especialista en tarot. Porque temos necesidade doutras realidades distintas á nosa.

## **Enrique Galván é un dos actores, ou actuanes. Os outros son, ademais de ti e Baltasar Patiño, Óscar Codesido, Mónica García e María Roja. Fálalos deles?**

A Enrique Galván coñecémolo hai moitos anos. Séguenos desde hai moito. Desde que en *Truenos y misterios* traballamos cun científico el xa nos dicía que el tamén podería... E así foi. El fala como o que é: profesor, conferenciante... Balta tamén ten unha presenza absoluta na obra. Houbo, ademais, unha compenetración absoluta entre os seis, que somos como seis planetas. Todos diferentes. Con Mónica García xa é o cuarto espectáculo que facemos. Está nun momento de madurez excepcional. María, porén, coa súa pureza e o seu misterio, ten unha presenza máis plástica, máis performativa. E Óscar é un descubrimento de hai pouco. O seu entusiasmo, a súa predisposición, foron básicas para que o escolleramos. Ademais ten ese físico que permite presentalo coa imaxe estereotipada de home, que despois se rompe... Balta está moi presente en todo momento: falando co público,

na parte plástica que é a instalación dos obxectos... Son moi importantes, nese aspecto, os libros. Libros vellos. O peso do pasado: das citas, das referencias.

**Pero xa dices que no teatro o texto non é o máis importante. E que se podería facer teatro sen texto, sen música... só cos actores e cos espectadores.**

Aí sae Artaud. A palabra é só unha parte da nosa maneira de comunicarnos co mundo. E hai unha tendencia a darlle excesivo peso á palabra no teatro. É un dos meus leitmotiv de sempre.

***Staying alive* e *Teatro invisible* falaban moito de invisibilidade. De adicarse a facer teatro. De non ter que xustificar nada, a estas alturas. Facedes 30 anos de traxectoria. Non tedes xa esa necesidade de falar de invisibilidade nesta obra?**

Eu creo que o tema tamén está, pero doutra maneira. Gavilán fala de que no teatro existe a posibilidade de ver cousas que non existen. Que evocas, que imaxinas. Como na poesía. Como as estrelas. Todo está aí e contámosllo ao espectador individual que, se quere, pode ver cousas invisibles. Pode ver o que non está claro. O que non está onde se sitúan os focos de información.

**Hai, coma sempre nas vosas obras, moito movemento. E música que crea distintos ambientes.**

E coreografías as que bailamos todos xuntos e facemos os mesmos pasos... É gracioso porque Gavilán antes de chegar dicíame que el non tiña ritmo, que non podía bailar. Pois o baile do principio foi do primeiro que preparamos. Vaia se pode bailar. A música prepáraa Baltasar, que fai mesturas en directo segundo o que vai pasando, os ritmos... E iso é un luxo. El está nun momento moi bo tamén. A luz, porén, é moi sinxela. Porque Balta quere darlle menos protagonismo á iluminación.

**Mais tamén hai imaxes de gran plasticidade. Non tanto se cadra como en *'Hombres bisagra'*, que era case escultórica. Pero a luz é moi importante.**

É verdade, pero a luz segue a ser moi sinxela.

**Sae tamén a morte de Deus. Nietzsche. E, se cadra, Deleuze, polo "entre".**

Nietzsche sae antes de falar da morte de Deus. Cando falamos diso xa non fai falta especificalo. O "entre" é por outro motivo. O entre as imaxes de Godard, por exemplo. Porque o teatro é o que hai entre as escenas. Quero dicir, que as escenas por si soas non teñen sosteñen, sen o conxunto, sen o que as antecede e acompaña. Tamén a idea de Artaud do entre nós e o espectador. Entre a nosa mirada e a súa. E iso afecta á forma: de actuar, a disposición do espazo...